



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 26.03.2026

No uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- CONVOCAR sesión **ordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **26 de marzo de 2026** ás **20:00 h** en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 90.2 do R.O.F.

Segundo.- Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto.

Terceiro.- Incluír na Orde do Día da devandita sesión o seguinte asunto:

ORDE DO DÍA

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 04.02.2026 E DOS EXTRAORDINARIOS DE DATAS 30.10.2025 E 07.11.2025**
2. **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL 2026. EXPEDIENTE Nº: 2026/T004/000001**
3. **APROBACIÓN INICIAL DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2026**
4. **APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS - EXERCICIO 2026. EXPEDIENTE Nº: 2026/A013/000001**
5. **ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. EXPTE 2026/A006/000003**
6. **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE RELATIVA Á DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL**
7. **RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 141/2026 DE DATA 05.03.2026 DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN EN EDIFICIO PALACETE. POS+2024**
8. **DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2025**
9. **DAR CONTA DOS REPAROS E ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS NO 2025**
10. **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA**
11. **MOCIÓNS DE URXENCIA**
12. **ROGOS E PREGUNTAS**

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.